

ACTA NÚMERO 8/2015
SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN
DO DIA 10.07.2015

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 13:30 horas, do día dez de xullo de dous mil quince, reúnese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria e urxente.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. María Costa Calviño

D. José Manuel Cancela Cancela

D^a. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D^a. Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D^a. M^a Pilar García Pereiro

Secretario actal.:

D. Alfonso García Ferreira

ORDE DO DIA

- 1- XUSTIFICACION DA URXENCIA.-
- 2- TOMA DE POSESIÓN DE DONA MARIA PILAR GARCIA PEREIRO.-
- 3- FIXACION DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS.-
- 4- DAR CONTA DO DECRETO DA CREACIÓN E NO SEU USO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E PERIODICIDADE DAS SESIÓNS.-
- 5- DAR CONTA DO DECRETO DE TENENTES DE ALCALDE.-
- 6- CREACION E COMPOSICION DA COMISION DE CONTAS E FACENDA.-
- 7- DAR CONTA DO DECRETO DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS.-
- 8- CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS.-
- 9- RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.-
10. DEDICACIÓNS.-

1.- XUSTIFICACION DA URXENCIA.-

Pola presidencia infórmase da urxencia da convocatoria da sesión, que ven determinada polo escrito presentado por dona M^a Pilar García Pereiro para tomar posesión como concelleira do

Bloque Nacionalista Galego no primeiro pleno que se celebre, para formar parte como membro electo desta Corporación, fai que este pleno se convoque de xeito urxente.

Sometido a votación a xustificación da urxencia, fano favorable e por unanimidade todos os Concelleiros.

2.- TOMA DE POSESIÓN DE DONA MARIA PILAR GARCIA PEREIRO.-

Infórmase do escrito que presenta dona Maria Pilar García Pereiro, xunto coa credencial asinada pola Presidenta da Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela con data 29 de maio de 2015 pola que se designa concelleira do concello de Tordoia polas listas do Bloque Nacionalista Galego - Asembleas Abertas (BNG). Igualmente fáise constar polo Secretario que figura na Secretaria Xeral do Concello e debidamente rexistrada a declaración de intereses e causas de posibles incompatibilidades e actividades, así como de bens patrimoniais.

Comprobada a credencial, procédese a dar cumprimento ao artigo 108.8 da Lei de réxime electoral xeral que literalmente di: “no momento de tomar posesión e para adquirir a condicións dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos na Lei ou Regulamento respectivos”.

Visto o artigo 1º do Real Decreto 707, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento ou promesa en cargos e funcións públicas, o Alcalde - Presidente procede a tomar xuramento ou promesa a dona María Pilar García Pereiro, por lectura do citado artigo:

Dona María Pilar García Pereiro: ¿ Xura ou promete pola súa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Tordoia, con lealdade a El Rey, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?:

Contestando dona Maria Pilar Garcia: Promete

O señor Alcalde-Presidente dalle posesión do seu cargo.

3.- FIXACION DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS.-

PROPOSTA DA ALCALDIA

Unha vez celebradas as eleccións locais o 25 de maio de 2015, e constituída a Nova Corporación o 03.07.2015, procédese de acordo coa lexislación vixente e co Regulamento Orgánico Municipal, o establecemento da periodicidade das sesións do Pleno.

De conformidade co previsto nos artigos 46.2 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 78 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e 210 da Lei 5/97, de administración local de Galicia.

Tendo en conta a sentenza do Tribunal Supremo de 26 de xaneiro de 1990, que dispón “ Establecida unha competencia compartida entre o Estado e as Comunidades autónomas en materia de Administración Local, según resulta do nº 2 do paragrafo 1º, do artigo 143 e do nº 18 o paragrafo 1º do artigo 149, ámbos da Constitución, resulta patente que a aquél sólo lle corresponde establecer as bases do Réxime local e iso, sen dubida, responda á Lei de 2 de abril de 1985, dita lei, non e un texto básico precisado de ulterior desenvolvemento articulado,

senón a fixación dos límites dentro dos que as comunidades autónomas que poden facer a súas regulacións particulares, pero na intelixencia de que as súas normas son directamente aplicables, tanto aos administrados como as corporacións que integran a denominada administración local.”

En base a esta doutrina considérase que os preceptores da Lei 5/97 de 22 de xullo de administración local de Galicia que se opoñan a lexislación básica da LRBRL, na redacción dada pola Lei 11/99 do 21 de abril, quedan derogados, o ser a lexislación básica estatal contida na LRBRL a que prevalece sobre calquera outra.

Por todo o exposto PROPOÑO:

Primeiro: establecer que as sesións ordinarias do Pleno da Corporación terán lugar cada 2 meses o último xoves do mes as 12:00 horas, empezando en xullo. E os extraordinarios cando sexa necesarios, no salón de sesións do Concello, o lugar habilitado ao efecto.

Segundo: facultar ao señor alcalde, por propia iniciativa dos portavoces dos Grupos Políticos, por causa xustificada, a variar a data de celebración da sesión ordinaria dos plenos adiantando ou retrasando o día e a hora de celebración, incluso anque o novo día non estivera comprendido no mes correspondente.

Intervén dona Pilar Garcia (BNG) manifestando que se deberían de celebrar todos os meses e fóra do horario laboral para que poida asistir máis xente.

Sometido a votación é aprobado por maioría 8 (P.P.)1 en contra do BNG.

4.- DAR CONTA DO DECRETO DA CREACIÓN E NO SEU USO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E PERIODICIDADE DAS SESIÓNS.-

Dase conta do seguinte decreto que literalmente di como segue:

“Decreto 91/2015

Constituída a Corporación Municipal en data 03.07.2015, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o 24 de maio de 2015, habendo resultado elixido alcalde -presidente da Corporación na antedita sesión constitutiva, e de conformidade coas atribucións que me confiren os artigos 20.1.b) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 35.2 e 52 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, RESOLVO:

Primeiro: nomear como membros da Xunta de Goberno Local, presidida polo Señor alcalde, aos seguintes Concelleiros:

- 1º Tenente de Alcalde: Inés Santos Pereiro
- 2º Tenente de Alcalde: Amadeo Cancela Fariña
- 3º Tenente de Alcalde: José Manuel Cancela Cancela

Segundo: establecer as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local que terán lugar o segundo e cuarto xoves, non festivo, de cada mes as 12:00 horas, sen prexuízo de posibilidade de variación motivada.

Terceiro: notificar persoalmente as presentes resolucións aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia, para a súa publicación no mesmo. Igualmente publicar a resolución no taboleiro de anuncios deste Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da presente resolución

Cuarto: a Xunta de Goberno Local, cuxa competencia básica é prestar asistencia e asesoramento a esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións, ostentará, por delegación da mesma, as competencias seguintes:

- A concesión e transmisión de autorizacións de apertura de establecementos.
- Concesión e transmisión de autorizacións urbanísticas
- Declaración, de interese xeral de construcións e instalacións e emprazar en solo rústico.
- Concesión, transmisión ou modificación de autorización de auto-taxi e demais vehículos de aluguer, así como declaración de caducidade das mesmas.
- Expediente a efectos en materia de medio ambiente.
- Aprobación de facturas de importe igual ou superior a 1.200,00€

Quinto: a delegación comprende tanto as facultades de dirección como a xestión de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Sexto: dar conta deste acordo á Xunta de Goberno Local e na primeira sesión que teña lugar.

5.- DAR CONTA DO DECRETO DE TENENTES DE ALCALDE.-

Dase conta do seguinte Decreto que literalmente di como sigue:

“Decreto: 90/2015

NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E ORDEN DE SUSTITUCION

Constituída a Corporación Municipal en data 03.07.2015, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o 24 de maio de 2015, habendo resultado elixido alcalde -presidente da Corporación na antedita sesión constitutiva, e de conformidade coas atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, RESOLVO:

Primeiro: nomeo como tenentes de alcalde do Concello de Tordoia e pola orde que se indica aos seguintes Concelleiros:

- 1º Tenente de Alcalde: Inés Santos Pereiro
- 2º Tenente de Alcalde: Amadeo Cancela Fariña
- 3º Tenente de Alcalde: José Manuel Cancela Cancela

Aos tenentes de alcalde así designados, correspóndelles substituír ao alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Segundo: notificar persoalmente a presente resolución aos designados, e publicar a resolución de nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución.

Terceiro: dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que celebra.”

6.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE CONTAS E FACENDA.-

PROPOSTA DA ALCALDIA

Vistos os artigos 20 c, da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e artigos 59.2 c) e 66 e 67 da Lei 5/97, de administración local de Galicia, esta Alcaldía PROPÓN o seguinte:

1º A creación da Comisión especial de Contas que conforme o disposto no art. 116 da LRBRL, 127-1 do ROF e 59 c da LALG, é de existencia preceptiva en todos os Concellos.

2º De conformidade co disposto no art. 125 do ROF e 66 e 68 da LALG no acordo de creación das Comisións informativas determinarase a súa composición concreta, tendo en conta as regras establecidas nos mencionados artigos, a saber:

a) O Presidente: será o señor alcalde, que segundo o artigo 125 a) do ROF é o presidente nato de todas as Comisións Informativas. Nembargantes a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación a proposta da propia Comisión tras a correspondente elección efectuada no seu seo.

b) A Comisión, estará integrada de xeito que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación. Así, estaría constituída por cinco membros do Partido Popular (PP) e un membro do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

c) A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte dela en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro de cada grupo dirixido ó Alcalde e do que se dará conta ó Pleno. Ou ben, se os distintos grupos así o consideran, e coa fin de axilizar trámites administrativos, tras a deliberación de cada grupo , a adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación pode realizarse neste mesmo acto deixando constancia na acta da sesión. Poderá designarse así mesmo un suplente por cada titular.

d) Coa fin de cumprir o principio de eficacia administrativa, e como consecuencia de práctica na mencionada actuación, e dando cumprimento ó disposto no art. 212 1 e 2 da LALG, a Comisión Especial de Contas reunirse con carácter ordinario no suposto que establece o artigo 212.1 in fine, e 212.3 da LALG, e nas reunións preceptivas que deberán ter lugar con anterioridade ó pronunciamento do Pleno en asuntos da súa materia, agás cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes. Poderán, nembargantes, realizar sesións extraordinarias cando o decida o seu presidente ou o soliciten a cuarta parte, cando menos, do número legal de membros.

Vista a posibilidade que se recolle no apartado c) do acordo adoptado, quedan nomeados neste mesmo acto como membros da COMISIÓN DE CONTAS os seguintes:

Polo Partido Popular (PP): don Antonio Pereiro Liñares, dona Maria Costa Calviño, don Amadeo Cancela Fariña, dona Inés Santos Pereiro e don José Manuel Cancela Cancela.

E polo Bloque Nacionalista Galego (BNG): dona Mª Pilar Garcia Pereiro.

Sometido a votación é aprobada a proposta da alcaldía por unanimidade dos asistentes.

7.- DAR CONTA DO DECRETO DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DELEGACIÓNS.-

Dase conta do seguinte decreto que literalmente dí:

“Decreto:92/2015

No uso das facultades conferidas e segundo o disposto no artigo 61.3 e 61.4 da Lei 5/97 do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 43 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión municipal, RESOLVO:

Primeiro: realizar a favor dos concelleiros que se indican as seguintes delegacións:

- Cultura, Festexos e Terceira Idade: D^a. Manuela González Pallas
- Formación, emprego, participación veciñal: D^a María Costa Calviño
- Servizos Sociais, Benestar, Igualdade e Muller: D^a. Inés Santos Pereiro
- Xuventude, Deporte e Turismo: D. José Manuel Cancela Cancela
- Medio Ambiente e Patrimonio: D. José Manuel Gómez Louzao
- Obras, Vías e Servizos Básicos: D. Amadeo Cancela Fariña
- Medio Rural: D. Luis Vázquez Leis

E como asesores para as materias que se indican

- Xuventude, Deporte e Novas Tecnoloxías: don Pablo del Rio Noya; dona Noelia García Mallo e a dona Maria Gonzalez Gonzalez

E para as Comunidades de residentes ausentes:

- Para Europa: D. Urbano Juncal Bello
- Para Venezuela: D. Joaquín Garcia Calvo
- Para Uruguay: D^a Maria Liñares Castro
- Para Argentina: D^a Sarita Núñez Pereiro

Neste momento auséntase da sesión a señora Santos Pereiro, Inés (PP) manifestando que é traballadora da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes.

- Mancomunidade de Municipios Comarca de Ordes: D. Antonio Pereiro Liñares
- Consello escolar: D^a. Maria Costa Calviño

Facultades que se delegan: no ámbito da área do servizo indicado terá a responsabilidade da área na que é competencia do Alcalde, para coñecemento, xestión ordinaria e seguimento, así como dirixir os servizos sen facultade de resolución.

Segundo: a presente delegación de atribucións surtirá efectos dende o día seguinte ao da data do presente decreto.

Terceiro: notificar persoalmente a presente resolución aos designados, e publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da presente resolución

Cuarto: dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que celebre.”

8.- CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS.-

Neste momento entra no salón de plenos a señora Inés Santos Pereiro (PP).

Dase conta do escrito presentado polos concelleiros do PP relativo á constitución dos grupos políticos municipais de data 10.07.2015 e número de rexistro de entrada 871, e polo tanto dentro do prazo legal fixado polo art. 24 do Real decreto 2568/1986, dos cinco días hábiles seguintes ó da constitución da Corporación:

Polo tanto queda constituído o seguinte grupo:

- GRUPO PARTIDO POPULAR: integrado por don Antonio Pereiro Liñares; dona Maria Costa Calviño; don José Manuel Cancela Cancela; dona Inés Santos Pereiro; don Amadeo Cancela Fariña; dona Manuela González Pallas; don José Manuel Gómez Louzao; e don Luis Vázquez Leis.

- GRUPO MIXTO: Integrado únicamente por dona M^a Pilar García Pereiro, como representante e voceiro do Grupo Bloque Nacionalista Galego (BNG) segundo o art. 74.4 da Lei 5/1997, de 2 de xullo, de administración local de Galicia.

Non se producindo intervencións, o Pleno toma coñecemento da constitución dos grupos políticos municipais e de designación dos seus voceiros.

9.- RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.-

En relación coa determinación dos gastos de representación, axudas de custo e indemnizacións dos membros da Corporación polos conceptos que logo se indican, PROPOÑO o seguinte:

Primeiro: Indemnización de membros da Corporación

a) asistencia a sesión de Pleno:

- ◆ O señor alcalde e o Concelleiro delegado en Obras, Vías e Servizos Básicos, por maior dedicación, estudo e diagnóstico das necesidades no desempeño do seus cargos percibirán a cantidade de: 400,00 €.-
- ◆ Os demais concelleiros asistentes percibirán a cantidade de:100,00€

O señor alcalde manifesta que non se poderá percibir máis dunha asistencia ao día, no caso de que coincidiran dous ou máis actos.

b) Asistencia a sesión da Xunta de Goberno Local:

- O señor alcalde e o concelleiro delegado por maior dedicación, estudo e diagnóstico das necesidades no desempeño dos seus cargos percibirán a cantidade de: 400,00€.-
- Os demais concelleiros asistentes percibirán a cantidade fixa de: 150,00€.-

c) Asistencia a sesión da Comisión de Contas:

- Todos os concelleiros asistentes percibirán a cantidade fixa de 100,00€

d) Dietas por comisión servizo fora do Concello

- Todos os concelleiros percibirán 150,00€ por día e concelleiro

Segundo: a porcentaxe a excluir das cantidades aprobadas por asistencia a órganos colexiados, será do 40 por cento, de acordo co disposto no artigo 17.2.b da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Sométese a votación e votan a favor 8 PP e 1 en contra do BNG.

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

10.- DEDICACIÓNS.-

Dedicacións parciais

De acordo co disposto no artigo 75 da Lei 7/85 do 2 de abril , reguladora das bases de réxime local, establécense as seguintes dedicacións parciais en función das responsabilidades asignadas ós seguintes concelleiros:

Dona Manuela González Pallas (Concelleira de Cultura, Festexos e terceira idade). Acordouse fixar unha dedicación parcial por un mínimo de 20 h semanais, necesarias para facer as súas funcións, distribuídas en función das necesidades das materias ás que atende que son: Cultura, Festexos e Terceira Idade con un salario bruto mensual de 892,21€.

Dona Maria Costa Calviño (Concelleira de Formación, emprego, e participación veciñal).Acordouse fixar unha dedicación parcial por un máximo de 10 h semanais,necesarias para facer as súas funcións, distribuídas en función das necesidades das materias ás que atende como programas formativos e de desenvolvemento local, contacto con asociacións veciñais e atención ao Consello Escolar, con un salario bruto mensual de 450,00€.

Don Luis Vázquez Leis,(Concellería de Medio Rural) acordouse fixar unha dedicación parcial con unha dedicación máxima de 10 horas semanais,distribuídas en función das necesidades das materias ás que atende que son desenvolvemento rural, contactos con asociacións agrarias, un salario bruto mensual de 350,00€.

-Don José Manuel Gómez Louzao (Concellería de Medio Ambiente e Patrimonio),acordouse fixar unha dedicación parcial con unha dedicación máxima de 10 horas semanais,distribuídas en función das necesidades das materias ás que atende como recollida de residuos, vertedoiros e protección do patrimonio, un salario bruto mensual de 350,00€.

Sométese a votación e votan a favor 8 PP e 1 en contra do BNG, polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia se levanta a sesión, sendo as 14:15 horas; do que eu, Secretario acctal., dou fe.

O Alcalde,

O Secretario acctal.,